



A FOLLA DA CGT

Núm. 12 - 6 marzo 2020

Balance da asemblea

Valoramos moi positivamente a asemblea xeral sobre o proceso de novas incorporacións.

- **O resto do comité:** aceptan o proceso de incorporacións, con algunha liña vermella. Argumentan que as novas incorporacións van permitir a Navantia recuperar tarefas fundamentais.



Na nosa opinión, as asembleas non deben de ser ferramentas que os representantes utilizemos segundo nos conveña, senón un dereito dos traballadores para informarse e **decidir**.

Por iso facemos unha valoración positiva aínda que a nosa proposta non fose avallada. **"A asemblea é quen máis ordena"**.

Tamén foi positiva porque evidenciou o que opina cada quen:

- A **CGT:** o modelo de incorporacións forma parte do **proceso** xeral de **descomposición** no que se atopa Navantia. Está pensado para unha empresa que quere desentenderse da produción e centrarse na "xestión".

Como estamos en contra disto e non imos "blanquear" á *dirección de Navantia*, plantexamos reiniciar todo o proceso.

- **Contratacións irregulares:** a **CGT** opina que hai que ser contundentes coas contratacións que entendemos irregulares, demandando a Navantia polas súas accións unilaterais.

O resto do comité, incluída á CIG, á hora da verdade se desmarcaron con diferentes argumentos. Demóstrase, unha vez máis, que a **CGT** é o único sindicato disposto a pasar das palabras ós feitos.

A asemblea tamén deixou claro que a **CGT** somos os únicos con vontade **real** de enfrontarse á empresa cando é necesario.

8 Marzo: Día Internacional da Muller Traballadora

Este domingo **8 de marzo** celebrarase o **Día Internacional da Muller Traballadora**.

A loita **feminista** é imprescindible para o avance cara a unha sociedade igualitaria e non podemos dar un paso atrás.

É fundamental para facer fronte á violencia machista, ós recortes dos servizos públicos e para frear a ofensiva brutal da ultradereita contra os dereitos das mulleres, contra os dereitos das nosas crianzas a una educación en liberdade e, en definitiva, contra os de-

reitos das traballadoras e traballadores. Dende a **CGT** animamos a toda a clase traballadora a participar nas mobilizacións convocadas para os próximos días:

- Venres día 6: Folga do Sindicato de Estudantes e de **Libres e Combativos**, con manifestación ás 12:00h dende o edificio de Xunta.
- Domingo 8: Manifestación da plataforma **Galegas 8M** ás 12:00h, que sairá do Inferniño.

Sanción desprazado en Fene

O mes pasado, un enfermeiro de Ferrol desprazado en Fene foi sancionado con 8 días de emprego e soldo.

A acusación foi ausentarse do traballo sen a debida autorización, o que supostamente provocou a suspensión de varios recoñecementos médicos naquela factoría.

As opinións recollidas pola **CGT** entre membros do comité de Fene é que a Enfermería non quedou desatendida porque hai persoal subcontratado e porque hai tempo que alí non se fai ningún recoñece-

mento e que todo responde a un problema co xefe.

Planteado o tema na permanente de Ferrol, a resposta foi que a práctica habitual é que, se a persoa expedientada ten afiliación sindical, non se encarga do tema o comité, senón o seu sindicato.

CGT esixe a anulación da sanción. Pensamos que, nestes casos nos que a dirección "*ergue a man*" con demasiada facilidade, é mellor abordar as sancións como un problema do conxunto do comité.

“O que parte e ben reparte...”

O soldo da presidenta da nosa empresa segue ó alza: Susana de **Sarriá** superou o derradeiro soldo de Revuelta e acadou os **181.292 euros** no 2019.

É curioso como, mentres enchen o peto os que rexen esta empresa pola senda dos 297 millóns de **perdas** no 2017 e os 225 millóns no 2018, a representante de RRHH, Dolores Dolarea, na videoconferencia cos TTSS en decembro, lles deixou

claro que non se pensarán que isto ía ser "*o chocolate do loro*" e que non se fixeran ilusións con que a nova clasificación profesional ía supor un aumento dos seus salarios.

Xa o di o refrán: "*... leva a mellor parte*".



De boa tinta

Aínda que cando preguntamos na permanente o negaron, **CGT** sabe de boa tinta que CCOO mantivo recentemente unha xuntanza "discreta" con Gonzalo Mateo, número dous de Navantia, sobre o futuro de **Turbinas**.

Que un sindicato ande a facer "*xestións*" de costas ós outros, non nos parece que sexa o mellor dende a perspectiva da defensa dos intereses dos traballadores/as.

Pero se non queren contarnos nada ós demais sindicatos, polo menos que llelo conten ós **traballadores/as** de Turbinas.

Novos ingresos

Este mércores houbo unha nova reunión coa empresa e nos deu estes datos:

- Reclamacións presentadas: 540
- Repetidas: 208
- Reclamacións individuais: 332
 - **Aceptadas: 72 (21,7%)**
 - **Rexeitadas: 260 (78,3%)**

A dirección aceptou que a comisión de Emprego de Fene-Ferrol revise tódalas reclamacións, tarefa que se iniciou o xoves. Non cabe dúbida de que é un paso adiante importante, produto do enorme malestar entre os traballadores.

Respecto a outras liñas vermellas aprobadas pola asemblea xeral, a dirección foi ambigua (polo menos nesa reunión).



Contacta connosco:

Teléfono Interior: 1213
Telf. Exterior: 981 33 12 13

Correos electrónicos:
cgt.fe@navantia.es
naval.ferrolterra@cgtgalicia.org

Séguenos e comparte información nas
RRSS



CGTNavantiaFE